

Campionatos Provinciais de Ourense 2025

Categorías Sub8, Sub10, Sub12, Sub14, Sub16, Sub18 e Sénior

Organizador do torneo: **Federación Galega de Xadrez**
Colaboran: **Club Deportivo Xadrez Ourense – Concello de Ourense**
Data: **18, 19 e 25 e 26 de xaneiro de 2025.**
Lugar de xogo: Centro Cívico “A Cuña”, Club Xadrez Ourense e “Espazo Xadrez Maristas”

Categorías:

Sub8: 2017 e posteriores Sub10: 2015, 2016 Sub12: 2013 e 2014 Sub14: 2011, 2012
Sub16: 2009 e 2010 Sub18: 2007, 2008 Sénior: 2006 e anteriores (**válido elo FIDE**)

Sistema de xogo:

Suízo a 5 roldas (Posibilidade de aumentar 1 rolda en función dun elevado nº de participantes nalgunha categoría)

*DIA 18 DE XANEIRO - SÁBADO (Centro Cívico “A Cuña”)

Sub 8 desde as 10.00 horas (5 Roldas)	30 minutos por xogador
Sub 14 desde as 10.30 horas (Rolda 1 e Rolda 2)	45 minutos por xogador
Sub 14 desde as 15.30 (Rolda 3*, Rolda 4 e Rolda 5)	(* si R2 remata antes das 12.30 a R3 sería de mañá)
Sub 10 desde as 16.00 horas (5 Roldas)	30 minutos por xogador

*DIA 18 DE XANEIRO - SÁBADO (Club Xadrez Ourense – R/ Ramón Cabanillas 10 - entreplanta Local 3)

Sub 18 desde as 10.00 horas (Rolda 1 e Rolda 2)	60 minutos por xogador
Sub 18 desde as 15.30 (Rolda 3, Rolda 4, Rolda 5)	

*DIA 19 DE XANEIRO - DOMINGO (Club Xadrez Ourense – R/ Ramón Cabanillas 10 - entreplanta Local 3)

Sub 16 desde as 16.00 horas (Rolda 1, Rolda 2 e Rolda 3)	45 minutos por xogador
--	------------------------

*DIA 25 DE XANEIRO – SÁBADO (Centro Cívico “A Cuña”)

Sub 12 desde as 10.00 horas (5 Roldas)	30 minutos por xogador
Sub 16 desde as 10.00 horas (Rolda 4 e Rolda 5)	45 minutos por xogador
Absoluto: Rolda 1 (15.30 horas), Rolda 2 (18.15 horas)	60 min. por xogador + 30 seg. / xogada

*DIA 26 DE XANEIRO – DOMINGO (“Espazo Xadrez” Colexio Maristas – Entrada por Valle Inclán)

Absoluto: Rolda 3 (9.15 horas), Rolda 4 (12.00 horas)	60 min. por xogador + 30 seg. / xogada
---	--

*DIA 26 DE XANEIRO – DOMINGO (Centro Cívico “A Cuña”)

Absoluto: Rolda 5 (16.15 horas)	60 min. por xogador + 30 seg. / xogada
---------------------------------	--

Inscripcións: Poderán inscribirse e participar os xogadores federados en clubs e xogadores independentes da provincia de Ourense na tempada 2025, con nacionalidade española, bandeira deportiva FIDE española e ser seleccionables por Galicia.

No correo electrónico traxerxadrez@hotmail.com, indicando nome, club e data de nacemento. (Desde o 2 de xaneiro de 2025 ata o mércores 15 de xaneiro ás 22.00 horas)

Desempates: 1º. Buchholz brasileiro 2º. Buchholz total 3º. Sonneborn-Berger
Arbitraxe: Árbitros titulados FIDE e FEGAXA
Premios: para os tres primeiros clasificados de cada categoría.



DEPORTE
GALEGO



Concello de
OURENSE



PUNTOS TÉCNICOS

para deportistas, técnicos e acompañantes

Punto 1* Nos torneos de edades (sub8 ata sub18), a primeira xogada ilegal non será penalizada, supoñendo a segunda ilegal a pérdida da partida, (en todas as categorías, incluso na Sub-18 que é a ritmo standard e non a ritmo rápido)

Punto 2* Todos os torneos xogaranse a 5 roldas, agás aquelas categorías que, por razón dun moi elevado número de participantes e sempre a criterio final da dirección da proba e do equipo arbitral, se decida finalmente dispoñer 6 roldas. Información que se trasladaría aos deportistas, chegado o caso, antes do inicio da primeira rolda da categoría en cuestión. A incomparencia dun xogador na primeira rolda será motivo de exclusión da competición.

Punto 3* Para os torneos de edades de sub8 a sub16 será de aplicación o regulamento FIDE DE XADREZ RÁPIDO. Para a categoría Sub-18 será de aplicación o regulamento de XADREZ STANDARD. (en ambos casos, exceptúase o disposto no art. 7.5.5 das leis do xadrez., que quedará suprido por o disposto no punto 1 deste epígrafe). Para o torneo provincial absoluto, será de aplicación íntegra o regulamento FIDE.

Punto 4* Durante o transcurso das partidas os participantes non poderán ter consigo dispositivos electrónicos conectados, nin empregar teléfonos móbiles, Smart-watches ou outros dispositivos de comunicación similar. En caso de contradecir esta norma o equipo arbitral poderá dar a partida por perdida e, en caso de reincidencia, decretar a expulsión do torneo do deportista infractor.

Punto 5* Nos torneos Sub8, Sub10, Sub12, Sub14 e Sub16 o ránking inicial virá determinado por elo FIDE rápido (e no seu defecto ELO FIDE standard). Para a categoría Sub18 terase en conta o ELO FIDE standard en primeira instancia e no seu defecto o ELO FIDE rápido. En categoría Sénior terase en conta o ELO FIDE standard e no seu defecto o ELO rápido.

Punto 6* Os emparellamentos realizaranse co programa VEGA. Os nomes e apelidos dos deportistas, os nomes dos Clubes aos que pertencen os deportistas e os ELOS respectivos standard ou rápido, serán comprobados e obtidos das plataformas oficiais XEFEGA e FIDE.

Punto 7* Os Adestradores - Monitores titulados (FIDE, FEDA, FEGAXA), e con licenza federativa en vigor de 2025, poderán situarse no interior da zona delimitada como área de xogo, sempre a unha distancia prudente dos seus deportistas e sempre en movemento, sen permanecer estáticos e evitando o contacto visual prolongado cos seus deportistas.

Punto 8* Para que os técnicos descritos no párrafo anterior podan estar na zona descrita, a dirección do torneo e o equipo arbitral requirirán aos adestradores estar en posesión dos requisitos recollidos na normativa FEGAXA (Circular 1/2025). Considerándose para este efecto a lista oficial de técnicos publicada na web oficial da FEGAXA, considerando para tales efectos a súa última actualización do venres 17 de xaneiro ás 14.00 horas.

Punto 9* Os adestradores - monitores únicamente poderán comunicarse cos seus deportistas ANTES de poñerse en marcha o reloxo E DESPOIS de rematada a partida, NUNCA mentras o reloxo está funcionando e as partidas en xogo.

Punto 10* Os adestradores - monitores DEAMBULARÁN, non permanecendo nunca detidos nin diante nin detrás dos seus xogadores. Contradecir esta norma pode acarrear a perda da partida dun xogador ou a exclusión temporal ou definitiva do adestrador - monitor. Do mesmo xeito que non se permitirá ningún tipo de comunicación (nin verbal, nin visual, nin xestual) entre os adestradores-monitores e os seus xogadores mentres os cronómetros estén en marcha, esta norma faise extensiva a acompañantes e público en xeral que podan situarse nas proximidades da zona de xogo.

Punto 11* A participación nestos campionatos provinciais implica aceptación das bases por parte de deportistas, adestradores, representantes de clubs e familiares ou acompañantes.

Aceptación: os delegados de cada club e os xogadores inscritos, autorizan á organización do torneo á difusión de información ou á utilización de imaxes ou do nome do equipo e os dos seus xogadores nos medios de comunicación ou en publicidades e memorias da competición, sempre que non representen menoscabo da súa honra ou reputación, ou que sexa contraria aos seus intereses, e sempre dentro do marco legal que se fixa no Código Civil, na Lei de Enxuzamento Civil e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE

A inscrición neste torneo implica a aceptación das bases do mesmo así como autoriza de forma expresa e voluntaria á ORGANIZACIÓN, a empregar gratuitamente os vídeos, imaxes e/ou audios nos que este interveña, incluso aqueles facilitados polo mesmo coa finalidade de publicar nas páxinas web así como en calquera das redes sociais das que forme parte ou outra publicación impresa e/ou dixital co fin de dar unha maior visibilidade e/ou difusión á actividade da Organización.

Dita autorización refírese á totalidade dos usos que poidan ter os vídeos, imaxes e/ou audios nos que apareza, empregando os medios técnicos coñecidos na actualidade e os que puideran desenvolverse no futuro, e para calquera aplicación. Todo elo coa única salvedade e limitación daquelas utilizacións ou aplicacións que puideran atentar contra o dereito ao honor nos termos previstos na Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de Protección Civil ao Dereito ao Honor, a Intimidade Persoal e Familiar e á Propia Imaxe.

A autorización non fixa ningún límite de tempo para a súa concesión nin para a explotación nas que apareza, polo que a autorización considérase concedida por un prazo de tempo ilimitado. Esta autorización pode ser revocada en calquera momento polo Interesado, coa salvedade de aquelas actuacións/campañas que estean en marcha, en cuxo caso deberán finalizar para que empece a facer efecto a revogación, polo que a retirada do consentimento non terá carácter retroactivo.



DEPORTE
GALEGO



Concello de
OURENSE

